

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA) PARA A REALIZACIÓN DUNHA OBRA DE INFRAESTRUTURA RURAL

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias entre outras en materia de desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais e prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

A Consellería, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, determinará as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.
- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, responsabilizarase de cantas accións teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como das actuacións en materia de modernización e creación de regadíos, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e





á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

Os plans anuais de infraestruturas rurais contemplan actuacións a través da sinatura de convenios con determinados concellos que solicitan a realización de obras específicas de carácter infraestrutural. Ditos plans artículanse en torno a ditas solicitudes e ás dispoñibilidades orzamentarias en cada caso.

Deste xeito foi programada e elaborada a primeira fase do Plan de Infraestruturas Rurais 2025, mediante tramitación anticipada de gasto, no que se incluíron 67 obras de infraestruturas rurais por importe global de 4.147.891,81 €.

Dentro do **Plan de Infraestruturas Rurais 2025 2ª FASE (PIR 2025 2ª FASE)**, está prevista a sinatura de 21 convenios de colaboración que terán un importe total que ascende a **1.303.082,31 €**.

Do total de 21 convenios, o convenio a subscribir co concello de Vilanova de Arousa tramitarase por separado, sendo necesaria autorización previa do Consello da Xunta debido a que o seu importe ascende **277.794,28 €**.

Os 20 convenios restantes tramitaranse seguindo o modelo de convenio tipo, non requiren autorización previa do Consello da Xunta e a suma dos importes dos citados convenios ascende a **1.025.288,03 €**, segundo o especificado no Anexo da memoria xustificativa e económica do convenio tipo.

Antecedentes:

O concello de Vilanova de Arousa solicitou á Consellería que a obra **Mellora da rede de saneamento nos novos viais de parcelaria en Baión** se inclúa dentro dos seus proxectos de desenvolvemento e mellora das infraestruturas rurais, para a súa execución, á maior brevidade posible, pola necesidade urxente de actuación.

Finalidade

Para os efectos sinalados, a Consellería ten previsto formalizar un convenio co concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra).

O instrumento convencional arriba referido terán por obxecto a execución por parte da Consellería do Medio Rural de obras de titularidade municipal do dito concello e destinalas ao uso público, conforme aos seu correspondente proxecto de obra.

As obras consisten na mellora da rede de saneamento municipal que o concello asinante considera prioritaria e urxente. A súa finalidade é garantir a mellora da calidade de vida da poboación no medio rural.

O convenio terá unha vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o remate das actuacións contempladas no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao concello e a formalización da acta de entrega, sen que poidan exceder do máximo de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis ao abeiro do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do réxime xurídico do Sector Público.





O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba ao exercicio orzamentario reflectido na cláusula segunda do Convenio.

A Consellería considera importante a execución desta obra, contribuíndo dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias e das súas competencias, para a mellora da calidade de vida da poboación e da seguridade viaria no medio rural.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución dos obxectos referidos.

O convenio que se pretende asinar fundaméntanse no seguinte:

Encádrase dentro dun marco de actuacións en infraestruturas rurais financiadas con fondos propios solicitada polo Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra) para as que a Consellería do Medio Rural accede a colaborar tanto no seu financiamento como na xestión da licitación e a execución das obras mediante a sinatura deste instrumento do convenio de colaboración.

As actuacións están diferenciadas respecto de outro tipo de actuacións en base á súa:

Urxencia: Obras na súa maior parte consideradas urxentes de mellora da seguridade, melloras necesarias e reparacións da capa de rodaxe.

Tipoloxía: Actuacións en pontes, núcleos de poboación, entre outros.

Titularidade: As actuacións executaranse en terreos de titularidade municipal.

Financiamento

O financiamento, por parte da Consellería do Medio Rural, desta obra será con fondos propios dos orzamentos de 2025, aplicación orzamentaria 15.06.551A.604.1, polo importe de douscentos setenta e sete mil setecentos noventa e catro euros con vinta e oito céntimos (**277.794,28 €**).

O presente convenio require autorización previa ao Consello da Xunta por superar o importe de 150.000,00 €.

As partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de colaboración coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas. Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita





norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Este Convenio ten natureza administrativa e para a súa tramitación tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local e demais normas de dereito administrativo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural

María Paz Rodríguez Rivera

